

Por: Inma Otero Varela

As loitas silenciosas e as loitas silenciadas.

Xosé Monteagudo, Todo canto fomos (Galaxia: 2016)

Son moitos os méritos da última novela de Xosé Monteagudo, como corresponde a unha obra complexa, no mellor sentido da palabra xa que a lectura resulta fluída grazas ao bo facer lingüístico e discursivo. O autor entretece diferentes tramas e personaxes, historias que semellan independentes, mais que cara o final o lector debe relacionar para establecer o debuxo completo da malla social dunha cidade como Pontevedra que, literal e metaforicamente, avala unha concepción holística da existencia. As condicións socioeconómicas e as políticas, e por suposto os entramados ideolóxicos que as sustentan, impregnan as traxectorias vitais de cada un dos individuos. Pero a capilaridade da historia permite que esta se vaia construíndo tamén a través das actuacións dos suxeitos, de todas as capas sociais, aínda cando as circunstancias obrigan á demora. Nese sentido, o propio desenvolvemento da novela, así como a demanda da colaboración do receptor, non deixa de ser un exercicio coherente coa concepción de como se sucede a cronoloxía dos feitos na realidade.

Hai moito da narrativa anterior de Monteagudo, sobre todo no que atinxe á sensibilidade co que se perfilan as personalidades dos personaxes, nomeadamente os que sofren, e a consideración do peso da familia na configuración do individuo. O autor concibe en ocasións a familia como unha estrutura opresora cuxa rutina de segredos, chantaxes e toma de decisións condiciona o futuro dos que ignoran o seu pasado e os fíos que os moven. A novidade é que agora o centro sobre o que gravitan case todas as tramas familiares e persoais está ocupado por mulleres, afoutas e decididas, en loita permanente co que o canon imposto polo patriarcado lles ten reservado. Tamén coas propias eventualidades do devir da historia que sanciona con extrema dureza aquelas mulleres que non se poñen ao rego e ás que se lles nega o dereito á súa propia historia. A fin de contas, todo o texto narrado por un home, o fillo dunha destas mulleres valentes, escritor de novela negra que acadou éxito no mercado en lingua inglesa, supón a tentativa, instigada por unha muller (a nai) de recuperar, desde a distancia física marcada pola súa residencia en Londres, a dignidade das mulleres

que o precederon. Dálle voz ao seu relato silenciado ao tempo que interpreta a cara oculta da súa biografía; ao tempo que asimila que a súa verdade é unha suma de consecuencias derivadas de causas que non era quen de imaxinar. Esa é unha das funcións que se realzan da escrita, xa que aquí son moitos os personaxes que pele-

xan por poder ler (acceder á cultura) e expresarse: rexistrar para entender, e entender para avanzar, tamén na posibilidade de amar a quen nos deixa a súa pegada.

Por outra banda, *Todo canto fomos* relaciónase cunha caste de obras que se achegan ao tema da memoria onde é difícil separar o persoal do colectivo. Estou a pensar en autores como Riveiro Coello que, ao igual que Monteagudo nesta novela, aproveita o multiperspectivismo para desvelar como a contraposición de dous modelos humanos, os que se moven por

altruísmo e coherencia cos seus ideais, e os que se moven por intereses moito máis pedestres, trazan o mural das circunstancias sociais e políticas desde finais do XIX ata practicamente a actualidade. Así, no que atinxe ao mural galego deste período, aínda que se tratan moitos máis, destaca a influencia da emigración, nos países receptores e no propio, as continxencias dalgúns personaxes históricos como Alexandre Bóveda ou Castelao e a constatación de como non sempre os pasos que dá o tempo son cara adiante. A experiencia da ditadura, aproveitada por moitos para sacar á luz o desexo latente de exercer un poder castrador, foi especialmente cruel coas mulleres que apostaron pola súa emancipación antes do 36, en grande medida pola obriga de ter que agochase e colaborar na educación das súas fillas e fillos nunha preceptiva que as condenaba.

Nun panorama narrativo onde se premia cada vez máis a simplicidade ou o divertimento, máis ca lexítimo, propio de xéneros como o policial, *Todo canto fomos* supón unha proposta profunda e conmovedora, co engado duns personaxes moi ben debuxados que, moi probablemente, será unha das mellores novelas deste ano.

